XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Alegacións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional respecto ao anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia.

En relación ao anteproxecto de Lei de museos e outros centros museísticos de Galicia achégase a seguinte alegación:

Proponse modificar a redacción da disposición adicional segunda quedando co texto que se sinala a continuación:

"O Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), e as coleccións museísticas ubicadas nos centros educativos, dependentes da consellería competente en materia de educación, manterán a súa dependencia tras a entrada en vigor desta lei. Para estes efectos, manterá igualmente a súa vixencia o previsto no Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), así como o seu desenvolvemento".

A proposta engade unha referencia as "*coleccións museísticas ubicadas nos centros educativos*". Neste senso debe terse en conta que existe en determinados centros educativos patrimonio educativo que aínda que no seu tempo foi construído para a transmisión do coñecemento, hoxe en día ten valor histórico.

No ano 2002, tendo presente a inquedanza dos Institutos e a administración por preservar todo este acervo patrimonial, comenzaron as primeiras reunións dos representantes dos Institutos Históricos de Galicia e do equipo do Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega) para iniciar un acordo de colaboración co obxectivo de preservar e poñer en valor o patrimonio que albergan estes centros. Ambas partes rubrican nese momento, un protocolo de carácter asociativo que facilita a interconexión e funcionamento de cada unha das partes e que se denominou "Rede Mupega".

Así, recolleuse nun documento, a filosofía de colaboración e apoio que xa se víña demandando dende hai anos polos Institutos Históricos Galegos coa finalidade de garantir a pervivencia e conservación do gran patrimonio que albergan.

Neste marco, o Mupega, creado no 2004 pola entón Consellería de Educación, concebido como centro museístico con obxectivo de coidar, preservar, estudar, restaurar e difundir o patrimonio histórico educativo da nosa comunidade, desenvolve proxectos e publicacións para difundir a memoria educativa de Galicia, actuando deste xeito como eixe vertebrador desta rede de institutos históricos.

Polo tanto, a existencia destas coleccións configúrase dende a creación da Rede Mupega como unha extensión do Mupega, polo que debe incluçírse unha referencia as ditas coleccións na disposición.

Por outra banda, elimínase a palabra "administrativa", xa que a dependencia do Mupega desta conselleríanon é só administrativa, abarcando tamén á xestión do propio museo. Neste senso debe terse en conta que dende a creación do Mupega esta xestión sempre se asumiu dende a consellería competente en materia de educación.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Finalmente, por dotar de maior coherencia ao sistema normativo, proponse engadir que manterá a vixencia non só o Decreto 268/2000, do 2 de novembro, polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega), senón tamén todo o seu desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2019

O secretario xeral técnico

XUNTA DE GALICIA * SECRETARÍA XERAL TÉCNICA * CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

Jesús Oitavén Barcala